



SI

**A Sociedade da Información e os
autónomos de Galicia. Edición 2015**

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
(Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela

Ano de publicación: 2016

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons
3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza
dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

Índice

1. Introducción	4
2. Metodoloxía	6
3. Caracterización dos autónomos/as galegos	8
4. Equipamento e uso das TIC na actividade dos autónomos	13
5. Conclusións	35


1. INTRODUCCIÓN



Estudo elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Marco estratéxico: Axenda Dixital de Galicia 2020

- Este estudo permite comparar a situación dos autónomos/as galegos co resto de formas societarias e coa media global dos indicadores das microempresas



OBXECTIVOS DO ESTUDO

- **Avaliar** e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións focalizadas nos autónomos/as galegos.
- **Caracterización** dos autónomos/as galegos: actividade, provincia de ubicación, sexo do traballador/a,...
- **Analizar** en detalle información cuantitativa dos autónomos/as galegos relacionada coas seguintes cuestións:
 - Conexión a Internet de calidade
 - Optimización da xestión empresarial a través das TIC
 - Cloud Computing
 - Web e presenza nas redes sociais
 - Comercio electrónico
 - Interacción coas AA.PP. a través de Internet

2. METODOLOGÍA



Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

- A fonte de información empregada para realizar a caracterización dos autónomos/as galegos é o Ministerio de Emprego e Seguridade Social
- A información relativa ao equipamento e uso das tecnoloxías no tecido empresarial galego procede da Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística (INE) e foi facilitada, a través do Instituto Galego de Estatística (IGE), en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega e o IGE.

Datos complementarios aos publicados polo INE

O Convenio de Colaboración tamén permite que se facilite ao OSIMGA unha ampliación dos datos publicados polo INE, ofrecendo datos complementarios especialmente no que se refire a:


- Datos relativos ás microempresas galegas
- Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Datos das empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Galega.

3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS/AS GALEGOS




Segundo o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, autónomos/as son: “traballadores/as afiliados/as a algún dos rexímenes por conta propia da Seguridade Social, e que non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias”.

O 31 de decembro de 2015, segundo os datos da Seguridade Social, existían en Galicia un total de **143.289 autónomos/as galegos**, que representan o 7,3% do total de 1.959.613 autónomos/as en España.




Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro de 2015.

Desde o ano 2008 obsérvase un descenso paulatino da cifra de autónomos/as, aínda que esta baixada deixou de ser tan abrupta a partir do 2012, e manténdose practicamente igual a partir do ano 2013.



Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Datos anuais do 4º trimestre 2008, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015.


En Galicia existe unha maior proporción de autónomos que de autónomas, aínda que a presenza feminina é maior que a nivel estatal, cun 42,5% de autónomas galegas, fronte ao 34,6% de españolas.



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 31 de Decembro de 2015.

A maioría dos autónomos/as sitúanse na franxa de idade de 40 a 54 anos. Apenas se observan diferenzas significativas entre os autónomos/as galegos e os do resto de España, aínda que sobresaí a porcentaxe de autónomos/as de máis de 55 anos en Galicia, un 29,6%, fronte ao 25,1% dos que se rexistran en España.

AUTÓNOMOS/AS SEGUNDO GRUPOS DE IDADE COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA




Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 31 de Decembre de 2015.





4. EQUIPAMENTO E USO DAS TIC NA ACTIVIDADE DOS AUTÓNOMOS/AS




4.1. EQUIPAMENTO INFORMÁTICO E EMPREGO DAS TIC PARA A XESTIÓN EMPRESARIAL


No 2014 e 2015 reduciuse levemente a dispoñibilidade de ordenadores entre os autónomos/as, probablemente debido ao auxe doutro tipo de dispositivos (móviles, tablets, etc).

Este comportamento é similar ao experimentado polo resto do tecido empresarial, conformado polas microempresas.

ORDENADOR SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2015



REDE DE ÁREA LOCAL (LAN) SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2015




O equipamento de rede de Área Local (LAN) entre os autónomos/as aínda é reducido, situándose no 2015 no 10,5%.

Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE




Máis da metade dos autónomos/as utilizan un ordenador con fins empresariais (un 52,8%), mentres que un 12,5% dispón de dispositivos portátiles.

USO DE DISPOSITIVOS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA *



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

**USO DE SOFTWARE LIBRE
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA
EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2012- 2015**




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE



O 43,6% dos autónomos/as galegos utiliza software libre para o seu labor empresarial. A tendencia rexistrada nos catro últimos anos mostra que este tipo de software ven implementándose de forma progresiva entre os autónomos/as galegos.

Cloud computing

COMPRARON SERVICIOS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

A compra de servizos de Cloud computing, aínda resulta moi escasa entre os autónomos/as galegos.


En liñas xerais, as microempresas galegas presentan un reducido interese neste tipo de servizos.

Envío e recepción de facturas electrónicas




Durante o 2015 obsérvase un crecemento do envío nas facturas en soporte electrónico. Non obstante, continúa a ser reducido o seu uso.

**ENVÍO DE FACTURAS ELECTRÓNICAS
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA
EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2013- 2015**




**RECEPCIÓN DE FACTURAS ELECTRÓNICAS
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA
EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2013- 2015**



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Formación en TIC

FORMACIÓN EN TIC SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2012- 2015




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Durante o 2015 incrementábase lixeiramente a porcentaxe das microempresas que facilitaron formación aos seus empregados/as, incluíndo aos autónomos/as, pasando dun 1,7% a un 2%.

ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA


Base: empresas que proporcionaron formación en TIC



As actividades formativas no caso dos autónomos /as, foron dirixidas maioritariamente ao persoal usuario / a (un 64,7%), fronte ao 53,8% de persoal especialista propiamente en TIC.

4.2. INTERNET E BANDA LARGA

CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2015




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Un 48,8% dos autónomos/as galegos dispón de conexión a Internet. Este indicador experimentou un descenso similar ao das microempresas




**ACCESO REMOTO AO CORREO ELECTRÓNICO,
DOCUMENTOS OU APLICACIÓNS DA EMPRESA, MEDIANTE
CONEXIÓN A INTERNET FIXA, SEN FÍOS OU MÓBIL
SEGUNDO CONDICIÓX XURÍDICA**




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Durante o 2015, incrementábase case 1 punto o acceso remoto a correo electrónico, documentos ou aplicacións da empresa a través de conexión a Internet Fixa, sen fíos ou móbil.



Banda Larga

ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA
EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2015
Base: empresas con conexión a Internet




Entre os autónomos/as que dispoñen de Internet contratada, a práctica totalidade contan con banda larga

Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Durante o período 2012-2015, o crecemento da banda larga móbil, especialmente en autónomos/as, é moi significativo con máis de 25 puntos porcentuais de incremento, aínda que respecto ao ano anterior, experimentábase un descenso.




ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA
 EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2015
 Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

VELOCIDADE DE CONEXIÓN SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE


A velocidade da banda larga é un activo importante para a actividade empresarial dos autónomos/as, cunha maior conexión de 100 Mbps ou superior (un 9%) que a do resto de microempresas (un 8,4%) ou formas societarias (7,6%).

Cabe salientar que, practicamente a metade (49,8%) dos autónomos/as con conexión a Internet ten contratadas velocidades superiores a 10 Mbps, 11,5 puntos máis que as formas societarias.

Un 14,3% dos autónomos/as con conexión a Internet empregan dispositivos portátiles que permiten conexión móbil á Rede para uso empresarial.

En concreto, no caso dos Smartphones, PDA phone, ... a porcentaxe acada o 13,8% e no caso das tabletas, netbook, ... o indicador sitúase no 7,8%

**EMPREGO DE DISPOSITIVOS PORTÁTILES
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA
Base: Empresas con conexión a Internet**




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

4.3. PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS

Páxina web

**DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA
EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2015**
Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE


A dispoñibilidade de páxina web entre os autónomos/as sitúase no 20,3%, afastado do valor xeral que rexistran as microempresas.



Non obstante, segue a ser necesario un impulso da visibilidade deste colectivo na Rede co fin de reducir a diferenza de máis de 15 puntos coas formas societarias.

SERVIZOS DISPONIBLES NA PÁXINA WEB SEGUNDO CONDICIÓX XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet e páxina web



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE


Os servizos máis destacados da páxina web dos autónomos/as son semellantes ao do resto das microempresas, sendo o máis frecuente a presentación da empresa.

Outros contidos habituais son as declaracións de política de intimidade ou certificacións relacionadas coa seguridade e o acceso a catálogos de produtos ou listas de prezos.



MEDIOS SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA EVOLUCIÓN EN GALICIA 2014- 2015


Base: empresas con conexión a Internet 2015 / 2014 total



Un 23,7% dos autónomos empregan medios sociais.
Entre este colectivo, máis do 90% emprega,
concretamente as seguintes redes Sociais: Facebook,
LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yammer...

REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yammer...) SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2015

Base: empresas con conexión a Internet que empregan medios sociais




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Outros medios sociais como os websites que permiten compartir contidos multimedia (Youtube, Picassa, Instagram, etc) empréganse en maior medida nos autónomos e autónomas galegos que comparativamente ao resto do microempresariado galego. Así, un 24,5% dos autónomos/as galegos, que usan medios sociais, utiliza estas redes sociais fronte ao 19,5% de media global para as microempresas.


Tamén as ferramentas para compartir coñecementos baseadas en Wiki teñen maior aceptación entre os autónomos/as que no resto de microempresas.

En canto ao uso de blogs para empresas ou microblogs (Twitter, Present-ly, Blogger, Typepad,...), os autónomos/as galegas presentan un comportamento semellante ao resto de microempresas galegas.



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

USOS DE REDES SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA Base: empresas que usan redes sociais




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Aumenta considerablemente a porcentaxe de autónomos/as que considera "moi útiles" as redes sociais para uso empresarial (do 35,2% no 2014, incrementábase ata o 55,9%).


Respecto dos usos, apenas difiren os comportamentos dos autónomos/as do resto de microempresas, aínda que destaca a involucración cos clientes ou a innovación de bens e servizos (un 44,9%).

CONSIDERAN AS REDES SOCIAIS "MOI ÚTILES" PARA O SEU NEGOCIO SEGUNDO CONDICIÓ JURÍDICA EVOLUCIÓN EN GALICIA 2014- 2015



4.4. COMERCIO ELECTRÓNICO

COMPRAS POR COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2015



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE




As compras por comercio electrónico dos autónomos/as acadan no 2015 o seu valor máis elevado cun 7,9%, no período 2012-2015.

As vendas a través do comercio electrónico continúan rexistrando valores baixos entre autónomos/as galegos, con valores que apenas acadan o 2%.

4.5. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A TRAVÉS DE INTERNET

**INTERACCIÓN COAS AA.PP.
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA
EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2015**
Base: empresas con conexión a Internet




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE


Dous de cada tres autónomos/as galegas con conexión a Internet interactuou coas Administracións Públicas a través da Rede no ano 2015, acadando o valor máis alto rexistrado nos catro últimos anos.



INTERACCIÓN COAS AA.PP.: Obter impresos ou formularios
SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA
EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2015
Base: empresas con conexión a Internet




INTERACCIÓN COAS AA.PP.: Obter información
SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA
EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2015
Base: empresas con conexión a Internet




A relación habitual entre os autónomos/as e as Administracións é a de obtención de impresos ou formularios (un 53,7%), seguida da petición de información (46,5%) e a declaración de impostos (un 42,6%).

INTERACCIÓN COAS AA.PP.: Declaración de impostos
SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA
EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2015
Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE


INTERACCIÓN COAS AA.PP.: Devolver impresos cumprimentados
SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA
EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2015
 Base: empresas con conexión a Internet



No 2015 observamos un crecemento importante no último ano da devolución de impresos cumprimentados (dun 29% a un 40,8%) entre os traballadores/as por conta propia.

As declaracións de contribucións de forma telemática tamén se incrementaron significativamente entre os autónomos/as no último ano, en 8,7 puntos porcentuais.

INTERACCIÓN COAS AA.PP.: Declaracións de contribucións
SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA
EVOLUCIÓN EN GALICIA 2013- 2015
 Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

5. CONCLUSIONES



■ **Caracterización: 143.289 autónomos/as en Galicia.**

- Os autónomos/as galegos representan o 7,3% do total de autónomos/as en España.
- O perfil do traballador/a autónomo galego é o dun varón de 40 a 54 anos, aínda que a presenza feminina é maior que a nivel estatal, cun 42,5% de autónomas galegas, fronte ao 34,6% de españolas.
- O sector Servizos segue sendo a actividade principal para o 60,3% dos autónomos/as galegos, aínda que cun peso significativo da Agricultura (23,7%)

Fortalezas

- Un 48,8% dos autónomos/as galegos dispón de conexión a Internet. A velocidade da banda larga é un activo importante para a actividade empresarial dos autónomos/as, cunha maior conexión de 100 Mbps ou superior (un 9%) que a do resto de microempresas (un 8,4%) ou formas societarias (7,6%).
- Cabe salientar que, practicamente a metade (49,8%) dos autónomos/as con conexión a Internet ten contratadas velocidades superiores a 10 Mbps, 11,5 puntos máis que as formas societarias.
- O 43,6% dos autónomos/as galegas utiliza software libre para o seu labor empresarial e un 13,8% dos autónomos/as con conexión a Internet empregan dispositivos portátiles, tales como Smartphone ou PDA, que permiten conexión móbil á Rede para uso empresarial.
- As redes sociais son a nova “páxina web” dos autónomos: Un 23,7% empregan medios sociais e aumenta considerablemente a porcentaxe de autónomos/as que considera "moi útiles" as redes sociais para uso empresarial (do 35,2% no 2014, incrementábase ata o 55,9%).
- Dous de cada tres autónomos/as galegas con conexión a Internet interactuou coas Administracións Públicas a través da Rede no ano 2015, acadando o valor máis alto rexistrado nos catro últimos anos. As declaracións de contribucións de forma telemática incrementáronse significativamente entre os autónomos/as en 8,7 puntos porcentuais no último ano.

Debilidades

- A compra de servizos Cloud computing, a dispoñibilidade de páxina web, o uso comercio electrónico, o uso de facturas electrónicas e a formación TIC presentan unha reducida implantación entre os autónomos/as galegos

